
AUDITORIO DE GALICIA

CONCERTOS
DE ABONO

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2017 → 2018

XOVES 14
DECEMBRO 2017
20.30 h
Auditorio de Galicia

Diego García Rodríguez Director



PROGRAMA

I

GIOACHINO ROSSINI (1792-1868)

Abertura O Señor Bruschino

WOLFGANG AMADEUS MOZART (1756-1791)

Sinfonía núm. 34 en Do maior, KV. 338

Allegro vivace

Andante di molto

Finale. Allegro vivace

II

LUDWIG VAN BEETHOVEN (1770-1827)

Sinfonía núm. 4 en Si b maior, op. 60

Adagio - Allegro vivace

Adagio

Allegro vivace - Trio. Un poco meno allegro

Allegro ma non troppo

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 15 minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal director invitado

Jonathan Webb

Director asociado

Maximino Zumalave

Cincuenta músicos de diferentes nacionalidades achegan cada temporada a súa experiencia, formación, tradición musical, esforzo e ilusión para ofrecelle ao público propostas sorprendentes. Coa orquestra colaboran de maneira habitual directores e solistas de recoñecido prestixio nacional e internacional, apostando por figuras consagradas e tamén por novos músicos que brillan no panorama musical. O seu director titular e artístico é o mestre Paul Daniel, Maximino Zumalave é o seu director asociado e Jonathan Webb o principal director convidado. Xestionada polo Consorcio de Santiago, nace en 1996 promovida pola Xunta de Galicia e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia.

VIOLÍNS I

James Dahlgren
(concertino)
Adriana Winkler
(axuda de concertino)
Anca Smeu **
Ildikó Oltai
Anna Alexandrova
Ilya Fisher
Yulia Petrushevskaya
Michal Ryczel
Victoria Jurov
Claudio Guridi

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Kiyoko Ohashi
Irina Gruia
Enrique Roca
Gyula Vadaszi
Elina Viksne
Narazet Canosa (R)
Samira Ajkic

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Timur Sadykov
Oxana Bakulina
Anne Schlossmacher
Iriana Fernández
Ionela Ciobotaru

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Millán Abeledo
Alejandra Díaz (R)
Thomas Piel
Carlos García

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Oriol Xicart

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **

TROMPAS

Jordi Ortega *
Alfredo Varela *
Xavier Ramón **

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **

TIMBAL

Darío González (R)

DIEGO GARCÍA RODRÍGUEZ

Director

Os seus compromisos como director convidado comprenden orquestras, teatros de ópera e festivais nacionais e europeos. A Real Filharmonía de Galicia, a Orquestra Sinfónica de Galicia, a Orquestra Sinfónica de Castilla y León, Orquestra Sinfónica del Principado de Asturias, Orquestra de Extremadura, Orchestre des Pays de Savoie (Francia), Akademicka Orkiestra Bydgoszcz (Polonia), o festival The two Moors (Reino Unido) ou a Orquestra Nova da OSG son algúns dos máis destacados.

No eido operístico cómpre salientar o seu debut como director musical no Teatro Real de Madrid con *Hansel e Gretel* de Humperdinck; *Rigoletto* na tempada Outono Lírico 2017 da Asociación de Amigos da Ópera de Vigo; *Carmen* de Bizet na Opera Baltycka (Gdansk/Polonia); a dirección musical da temporada 2015 da compañía donostiarra Opus Lírica cos títulos *O barbeiro de Sevilla* de Rossini e *Rigoletto* de Verdi; ou as estreas mundiais de *It makes no Difference...*, ópera de cámara do compositor Simone Spagnolo no festival "Tête à Tête" dos Riverside Studios de Londres e *Die Traumende Knabe* do compositor Torsten Rasch en Dartmoor (Reino Unido); así como a produción do Centro Dramático Galego *A ópera dos tres reás*.

O seu traballo como director asistente abarca teatros como o Liceu de Barcelona, Teatro Real de Madrid, Théâtre de Caen (Francia), Opéra Nantes-Angers (Francia), Opéra de Lausanne (Suíza) ou o Dartington Summer Festival (Reino Unido); cos mestres Paul Daniel, Josep Pons, Nicola Luisotti, Diego Masson e Nicolas Chalvin.

É o director artístico e musical do Taller Atlántico Contemporáneo (TAC), ensemble no cal desenvolve unha intensa actividade na difusión da música contemporánea e a súa interrelación con outras disciplinas artísticas a través de ciclos como "Os seráns do TAC", estreas de obras de compositores actuais ou o proxecto "Land of Opportunity" co grupo Siniestro Total e o compositor Javier López de Guereña. Co TAC presentouse no Auditorio Nacional de Madrid, na "53ª Semana de Música Religiosa de Cuenca" e no "Festival Internacional de Música y Danza de Granada", interpretando estreas mundiais dos compositores Klaus Lang e Sebastián Mariné. En 2013 o TAC recibiu o "Premio da Crítica Galicia" e o galardón na categoría de Música Clásica e Contemporánea nos "Primeiros Premios Galegos da Música" organizados pola rede de músicos ao vivo de Galicia.

Máster en Dirección de Orquestra pola Zürcher Hochschule der Künste (Zúric, Suíza), ampliou a súa formación xunto ao mestre Diego Masson nas edicións 2009 e 2010 da Dartington Summer School (Reino Unido). O ensemble London Sinfonietta seleccionouno para participar no seu primeiro programa de xoves directores "London Sinfonietta Academy 2010".

Diego García Rodríguez viste para este concerto un traxe da nova colección OI 2017 de ROBERTO VERINO

Gioacchino Rossini (Pésaro 1792 - París 1868)

O Señor Bruschino. Abertura

Dúas das tres óperas que Rossini compuxo con vinte e un anos poderían ter sido esquecidas se non fose polas súas aberturas: *Tancredi*, *A italiana en Alxer* -a máis representada delas- e a farsa *O Señor Bruschino*, unha ópera bufa nun acto con libreto de Giussepe Foppa baseado na obra teatral 'Le fils par hasard' de Chazet et Urry. A historia, ambientada en Francia no século XVIII, está protagonizada por dous namorados que terán que loitar polo seu amor, unha trama de falsas identidades e intrigas que xa anunciaba o talento de Rossini a pesar da fría acollida por parte do público na súa estrea en Venecia en 1813. En todo caso, a abertura, como a maioría das súas composicións, está ben escrita, dun xeito alegre, a pesar da introdución lenta e sentimental, e recoñecible por certas accións inusuais como o motivo de repetición no que os segundos violíns tocan cos seus arcos nos atrás. O corpo principal presenta un enxeñoso primeiro tema dos violíns e un cálido segundo tema para os ventos intercalando disonancias cómicas nos violoncellos e contrabaixos. Máis aló diso, mostra o Rossini por excelencia: un pouco de ostentación, moita lixeireza e un par de emocionantes crescendos para atalo todo.

Wolfgang Amadeus Mozart (Salzburgo, 1756 - Viena, 1791)

Sinfonía núm. 34 en Do maior K. 338

Aos vinte e catro anos, Mozart xa asumira os últimos estilos musicais e personalizara con excelencia a linguaxe clásica. As viaxes xunto ao seu pai, percorrendo as principais cortes e auditorios europeos, servíronlle para assimilar as ideas máis interesantes e para pensar nun futuro profesional máis aberto e ambicioso. De volta en Salzburgo séntese servo do príncipe arcebispo Colloredo que se mostraba frío e distante incitándoo a procurar a súa liberdade vital e, sobre todo, a creación sen límites, abandonado a corte en 1780 cara a Viena. Un ano antes da súa marcha, pese a non sentirse afortunado neste contexto e tras semanas estimulado polo vivo ambiente musical de Mannheim, sen pausa, Mozart compuxo obras máis maduras en canto a estrutura, forza expresiva e colorido tímbrico. As sinfonías desa época son partituras de forma e linguaxe clásica. A *Sinfonía núm. 34 en Do maior K. 338* data do verán de 1780 e está organizada nos tres movementos típicos da sinfonía clásica temperá, aínda que Mozart engadiu máis tarde o *Minueto K. 409*. A partitura arranca a ritmo de celebración, cunha fanfarra de indubidables ecos marciais; un movemento de carácter dramático, polos contrastes entre os dous

temas (o segundo, danzante) e os continuos cambios entre *forte* e *piano*, que aprendeu na orquestra de Mannheim. Os instrumentos de vento madeira, óboes e fagots forman parte dos harmoniosos diálogos coa corda. No *Andante*, dunha textura transparente case camerística, os fagots desempeñan tamén un importante papel. O carácter brillante e enérxico da sinfonía percíbese, sobre todo, no primeiro e terceiro movementos, ambos marcados *Allegro vivace*, volvendo o último á forma sonata, dun brillo italiano reforzado polo ritmo de *saltarello* que aparece no segundo tema e domina todo o movemento.

Ludwig van Beethoven (Bonn,1770 – Viena, 1827)
Sinfonía núm. 4 en Si bemol maior op. 60

Despois de rematar a *Sinfonía Heroica*, Beethoven comezou a traballar na que hoxe se coñece como *Sinfonía núm. 5*, pero cando o Conde Oppersdorff lle encarga un traballo sinfónico abandónaa, seguramente porque sabía que o ‘Sturm und Drang’ da *Quinta* no encaixaría cos gustos da corte de Silesia. En setembro de 1806, a pesar do avance implacable da súa xordeira, Beethoven rematou a sinfonía, que non foi estreada ata 1807 en Viena baixo a súa dirección. A acollida do público e da crítica foi tan boa que Schlinder dixo “por unha vez, os críticos vieneses aclamaron unha sinfonía sen reserva ou cualificación, unha honra que non tivera ningunha outra composición de Beethoven”. Construída en catro movementos, nela aparece a expansión da forma sonata iniciada na *Terceira sinfonía*, e reflicte claramente a influencia de Haydn no seu estilo clásico e na introdución lenta do primeiro movemento, caracterizado polo xogo continuo de contrastes tonais, dinámicos e tímbricos. No segundo *Adagio*, Beethoven mantén a utilización dos contrastes tímbricos como unha ferramenta discursiva notoria para elaborar un movemento de textura delicada interrompida constantemente por un motivo prominente nos timbais e trompetas, motivo que revela unha nova natureza máis dinámica e de tempo máis rápido. Como novidade, nesta sinfonía, no terceiro movemento o minueto desaparece en favor dun scherzo que inclúe un trío, repetido en dúas ocasións, nun tempo máis lento que amosa o predominio dos ventos-madeira cun clarinete moi lírico que provoca un clima de relax e alegría. O *Allegro ma non troppo* final é de enorme axilidade e de grande esixencia técnica para todos os instrumentos. O segundo tema trae un momento de calma e un cambio na textura que se suaviza. O desenvolvemento desemboca nun final explosivo, poderoso e exultante.

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacapitalcultural.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCapitalCultural



@rfgalicia
@CCultura

PRÓXIMOS CONCERTOS

Venres 22 de decembro
20.30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Daniel Reuss, director

CAPELLA AMSTERDAM

Coral Polifónica La Salle
Coral Polifónica Sporting Club Casino
de La Coruña
Coro Adayeus
Coro Alegre Intermezzo
Coro Alfaia
Coro Asubío
Coro Cardenal Quiroga
Coro de Amigos do CMUS de Santiago

Berit Solset, soprano
Catherine Hopper, contralto
Nicholas Mulroy, tenor
Peter Harvey, baixo

G. F. Haendel, *O Mesías*

 **Fundación Bancaria "la Caixa"**



A cafetería permanecerá aberta ao remate do concerto.

Cómpre retirar os vehículos do garaxe trala fin do espectáculo.



CONSORCIO DE
SANTIAGO



GOBIERNO
DE ESPAÑA



CONCELLO DE
SANTIAGO



XUNTA
DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA